

Xeografía mítica

CATEGORÍAS RELACIONADAS

O Vákner de Fisterra

Ser ben estraño para a nosa tradición mítica, sobre todo pola denominación, non tanto polas características que se lle atribúen. En outubro de 1485 un bispo armenio chamado Mártir peregrinou a Roma desde a cidade armenia de Erzincan, actualmente pertencente a Turquía, e logo continuou viaxe por Europa, chegando a Santiago de Compostela, e desde aquí a Fisterra. En Galicia pasou 84 días do ano 1492, e de todo o seu periplo, que durou máis de seis anos, deixou memoria nun breve escrito que sería traducido ao español en 1898 co título *Relación de un viaje por Europa con la peregrinación á Santiago de Galicia, verificado á fines del siglo XV por Mártir, obispo de Arzendjan. Traducido del armenio por M. J. Saint-Martin y del francés por E. G. de R.* (Emilia Gayangos de Riaño). O bispo conta no texto como nos Montes de Buxantes, concello de Dumbría (A Coruña), despois de recibir a bendición de Santiago, “*púxenme en camiño e cheguei a extremidade do mundo, á praia da Santa Virxe, a un edificio que foi construído pola propia man do apóstolo San Pablo (sic) e que os francos chaman Santa María de Fisterra. Padecín moitos traballos e fatigas nesta viaxe, no cal topei con gran cantidade de bestas moi perigosas. Encontramos o vakner, animal grande e moi daniño.*” Segundo J. I. Pensado o Vákner tería que ser un animal fabuloso creado pola igrexa para desterrar un culto pagán. Aurora Lestón Mayo considérao un dragón como o 'fáfner' da Biblia. É evidente que se parece a seres salvaxes da mitoloxía popular como o busgoso asturiano, o basajaun vasco e o rabeno e o lobishome galegos. No *Diccionario dos seres míticos galegos* engádese “Os habitantes dalgún lugar próximo que el (bispo Mártir) chama País dos Holani, comedores de peixe e falantes dunha lingua que o bispo non entende, marabillábanse de que o armenio puidese zafarse do Vákner cando compañías de vinte persoas non puideran pasar”.